

Banda deseñada

O pasaxeiro de longas orellas

Cadernos de viaxe do arxentino Ricardo Siri, coñecido como Liniers

Da man de Mondadori e en cuidada edición, aparece o caderno *Conejo de viaje* saído dos lapis do arxentino Liniers, autor que se deu a coñecer coa tira para prensa Macanudo que se pode atopar tamén recompilada en varios volumes. Pero *Conejo de viaje* trátase dun traballo ben distinto, moi persoal e case íntimo, malia que Liniers escolla a súa habitual metamorfose gráfica como coello para sacar adiante as narracións que compoñen a obra.

No volume atopamos unha escolma de páxinas traídas de diversos cadernos que Liniers realiza cando se atopa de viaxe. Estas páxinas recollen visitas a España, Portugal, Francia, Alemaña, Noruega, Canadá, Arxentina, Uruguai, Brasil e a Antártida, e nun principio non están pensadas para seren publicadas. Como o propio autor explica no prólogo, están dirixidas aos seus familiares e amigos, como "una versión alternativa de un álbum de fotos", e non hai, polo tanto, a depuración dun tratamento posterior. É por iso un álbum marcado pola présa na debuxo

Conejo de viaje ·
Liniers ·
Mondadori, 2008 ·
192 páx · 17,90 euros



e no texto, pola viveza do momento. Intencionadamente conserva o toque súbito do instante no que foi creado, coa intención de valer de recordatorio das pequenas cousas que o viaxar aporta. Iso non quere dicir que non haxa momentos de sosego, nos que Liniers se detén a debuxar calmadamente, ofrecendo instantáneas de lugares como Berlín, Pisa, Avignon e mesmo a Antártida.

Todas as narracións coinciden no ton de diario construído a base de breves notas: visitas aos amigos, xantares e ceas, encontros con compañeiros de profesión –entre eles Juanjo Sáez no momento no que este presenta *El Arte, Conversaciones imaginarias con mi madre*– e outros detalles sobre festivais e momentos de tránsito. Durante os tempos mortos, Liniers debuxa, le cousas como *Rayuela* ou o *Bone* de Jeff Smith, ve a televisión ou pasea



Conejo de viaje. // Liniers

coa súa compañeira Angie, quen o acompaña ao longo de moitas das páxinas deste *Conejo de viaje*.

En palabras do mesmo Liniers este é "un libro feliz recopilado de varios cuadernos felices", basea-

do no decorrer dos días e dos quilómetros de vagariño. Interesante para aqueles que se apaixonan coas historias pequenas do Ricardo Siri que se agocha detrás deste home coello. // **María Lado**